



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas textuais: Ensaio

Materia	Prácticas textuais: Ensaio			
Código	V01G400V01967			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Costas González, Xosé Henrique Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado	Rodríguez Barcia, Susana			
Correo-e	susanarbarcia@gmail.com xcostas@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Prácticas de creación e crítica de textos argumentativos ou especulativos, de orde científico-literaria, en galego e español.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
C7	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria.
C10	Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada.
C17	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
C19	Capacidade para avaliar criticamente a bibliografía consultada e encadrala nunha perspectiva teórica.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Desenvolver as habilidades de creación e crítica de textos para discursos argumentativos ou de ensaio.	A1 A2 A5	B4 B6 B8	C3 C7 C10 C17 C19	D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12
Comprender os procesos creativo e críticos para mellorar as técnicas de argumentación ou construción de discursos de carácter científico ou de divulgación xornalística.	A1 A2 A5	B4 B6 B8	C3 C7 C10 C17 C19	D2 D9 D10 D11 D12
Saber elaborar un comentario de texto, unha reseña crítica ou unha reflexión breve de natureza ensaística.	A1 A2 A5	B4 B6 B8	C3 C7 C10 C17 C19	D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12

Contidos

Tema	
BLOQUE 1: Ensaio: aspectos xerais	1.1. Entre a realidade e a ficción: ensaio e literatura. 1.2. Características do ensaio. 1.3. O ensaio como ferramenta didáctica.
BLOQUE 2: De Montaigne ao ensaio contemporáneo	2.1. A orixe do ensaio. 2.2. O ensaio no século XX. 2.3. O ensaio no século XXI.
BLOQUE 3: Guía para a escritura dun ensaio.	3.1. Aspectos ortotipográficos. 3.2. Estrutura. 3.3. Recomendacións para a redacción. 3.4. Problemas frecuentes.
BLOQUE 4: Obradoiro de escritura de ensaios	4.1. Ciencia e divulgación: prácticas de reformulación divulgativa e redacción de ensaios científicos. 4.2. Ensaio literario e humanístico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Obradoiro	32	96	128
Traballo tutelado	10	20	30
Lección maxistral	28	28	56
Traballo	0	7	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia e explicación da guía docente.
Obradoiro	Actividades prácticas de redacción de ensaios en galego e en español.
Traballo tutelado	Actividades prácticas de lectura e comentario crítico de textos ensaísticos.
Lección maxistral	Actividade teórica. Exposición por parte dos docentes dos fundamentos teóricos principais da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Os obradoiros de redacción de textos ensaísticos requiren de atención personalizada por parte dos docentes. Por un lado, proporcionaranse indicacións ao longo das sesións presenciais; por outro lado, no horario de titorías tamén poderán realizarse consultas. Ademais, a través do correo electrónico e do Campus Remoto tamén se atenderán dúbidas. No caso do alumnado semipresencial os mecanismos de atención serán os mesmos e, ademais, tamén se fixarán titorías específicas de carácter obrigatorio.

Traballo tutelado Os traballos de lectura e crítica de textos ensaísticos requiren de atención personalizada por parte dos docentes. Por un lado, proporcionaranse indicacións ao longo das sesións presenciais; por outro lado, no horario de titorías tamén poderán realizarse consultas. Ademais, a través do correo electrónico e do Campus Remoto tamén se atenderán dúbidas. No caso do alumnado semipresencial os mecanismos de atención serán os mesmos e, ademais, tamén se fixarán titorías específicas de carácter obrigatorio.

Probas	Descrición
Traballo	Para a realización do traballo de curso ofrecerase atención personalizada. Proporcionarase indicacións nun documento que será subido a Moovi nas primeiras semanas do curso; ademais, no horario de titorías tamén poderán realizarse consultas. Finalmente, a través do correo electrónico e do Campus Remoto tamén se atenderán dúbidas. No caso do alumnado semipresencial os mecanismos de atención serán os mesmos e, ademais, tamén se fixarán titorías específicas de carácter obrigatorio.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Obradoiro	Entre as prácticas de redacción elaboradas ao longo do cuadrimestre, a/o alumna/o escollerá unha para que sexa avaliada. A extensión mínima será de 500 palabras. O documento será subido a Moovi no apartado correspondente e no prazo indicado ao longo do curso.	30	A1	B4	D2 D6 D8	
Traballo tutelado	Actividades prácticas de lectura e comentario crítico de textos ensaísticos. No caso do alumnado presencial, deberase expoñer oralmente unha reflexión crítica sobre o tema que aborden os textos lidos. No caso do alumnado semipresencial, a reflexión crítica sobre as lecturas deberá entregarse por escrito a través de Moovi antes da data límite establecida ao inicio do curso.	30	A1 A2	B4 B6 B8	C3 C7 C17 C19	D2 D3 D9 D10
Traballo	Trátase da realización dun traballo escrito no que se desenvolva un tema coas características do estilo ensaístico. O traballo deberá subirse a Moovi en formato PDF ou en formato impreso aos docentes antes do 2 de maio de 2024.	40	A5	C17 C19 D2 D6 D8 D9 D10 D11 D12		

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (Maio-xuño 2024)

Avaliación continua

É obrigatorio realizar e entregar no prazo establecido das probas marcadas na avaliación. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo non se avaliarán. A data límite de entrega do traballo e da actividade do obradoiro será o 2 de maio de 2024, a través de Moovi ou en formato impreso (nas sesións presenciais e antes do 2 de maio de 2024).

A cualificación na primeira edición de actas dos alumnos e alumnas que opten pola avaliación continua corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante curso. Para superar a materia será necesario obter como mínimo un 4,75 en total.

Avaliación única

Neste caso, a avaliación poderá realizarse mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, no que a nota constituirá o 100% da cualificación final.

Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre e estará fixada no Calendario de exames establecido e publicado pola FFT.

A elección desta opción en ningún caso supón a perda do dereito á asistencia. Ao alumnado que escolla esta modalidade de avaliación recoméndaselle que consulte regularmente os documentos que se irán colgando en Moovi.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo 2024)

Na segunda edición de actas a avaliación levará a cabo exclusivamente mediante un exame único, baseado nos contidos da materia. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade e que figura tamén no Calendario de exames.

Os alumnos e alumnas que non alcanzasen o aprobado na modalidade de avaliación continua e que se presenten nesta oportunidade de xullo deben ter en conta que non se gardarán en ningún caso as notas dos traballos de aula e do traballo escrito.

3. ALUMNADO SEMIPRESENCIAL

O alumnado semipresencial seguirá a materia a través dos materiais que se irán subindo a Moovi xunto coas titorías presenciais que se fixarán ao comezo do curso. A avaliación do alumnado semipresencial coincidirá coa do alumnado presencial en canto ao traballo tuteado e á práctica do obradoiro (entregados a través de Moovi antes do 2 de maio de 2024), pero en lugar dos traballos de aula terán que entregar un ensaio (1000 palabras) cunha reflexión crítica sobre as lecturas indicadas ao longo do curso a través de Moovi. Este ensaio terá un valor do 30% sobre a nota final, e os traballos (traballo e obradoiro) terán un valor do 70% da cualificación final.

4. OUTRAS OBSERVACIÓNS

Nos alumnos e alumnas de avaliación continua, no caso de que tras a avaliación conxunta sexan necesarios ata 0,25 puntos para superar a materia, terase en conta a asistencia e participación regular e activa na clase.

O estudiantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario.

Tanto no exame como no traballo escrito e no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas etc.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Navaza, Gonzalo, **Michel de Montaigne. Os ensaios (Escolma)**, USC e Fundación BBVA, 2016

Bibliografía Complementaria

Castilleja, Diana; Eugenia Houvenaghel; Dagmar Vandebosch, "**Introducción a El Ensayo Hispánico: cruces de géneros, síntesis de formas**", Droz S. A., 2012

Gracia, Jordi (ed.), **El ensayo español. Los contemporáneos**, Crítica, 1996

Suárez Granda, Juan Luis, **El ensayo español del siglo XX (1900-1990)**, Akal, 1996

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase que o estudiantado Erasmus dispoña como mínimo dun nivel B1 de español e de galego.